



**Nº Expediente:** 2017/C005/000002

**Asunto:** Contratación de INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS

**MESA DE CONTRATACIÓN (1)**

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (REFERENCIAS TÉCNICAS) DO SEGUINTE CONTRATO :

**Obra/Subministro:** INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS

**Importe de licitación:** 36.588,22 € IVE incluído (Prezo sen IVE 30.238,20 €; IVE do 21 %)

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE:**

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

**VOGAIS:**

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

**SECRETARIA:**

Dona M<sup>a</sup> Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do xoves 16 de marzo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS", as seguintes empresas:

EMPRESA	DATA PRESENTACIÓN OFERTA (e, no seu caso, do envío de fax)	Nº REXISTRO (sobres e/ou fax)	SOBRES (e, no seu caso, envío de fax)
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	13/03/2017	1289	Fax anunciando o envío de documentación.
	14/03/2017	1315	Sobres A, B e C
OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	13/03/2017	1310	Fax anunciando o envío de documentación.
	14/03/2017	1314	Sobres A, B e C



A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada por todas as empresas licitadoras é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.

A Mesa acorda:

1º.- Solicitar un informe técnico de valoración das referencias técnicas contidas nos sobres "B".

2º.- Reunirse de novo o vindeiro día **23 de marzo de 2017, ás 12:00 horas**, para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C", na data que se publicará na web do Concello de Cedeira coa debida antelación.

3º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.